

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA AS ACTIVIDADES EDITORIAIS DA “REVISTA GALEGA DE ECONOMÍA” NO ANO 2025.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN:

Dunha parte, Don Miguel Corgos López-Prado, Conselleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa en representación da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia ao abeiro das competencias atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, e Presidenta do Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante o IGAPE), actuando ao amparo das facultades que lle concede o artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

E da outra parte, Don Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC) que actúa na súa representación en virtude das facultades que lle confire o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Todas as partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,



EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas poden outorgar subvencións de concesión directa segundo o establecido no artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDO.- Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia, en xeral, e a Consellería de Facenda e Administración Pública, en particular, está a da realización dos traballos e estudos relativos á elaboración, seguimento e avaliación da planificación da actividade económica da Comunidade Autónoma e a elaboración dos programas económicos a medio e longo prazo. Con ese obxectivo apoia aquelas iniciativas conducentes a un mellor coñecemento da problemática socio-económica e financeira de Galicia, como requisito previo para unha maior eficacia da programación económica xeral. Apoia, tamén, aquelas iniciativas científicas e innovadoras que axuden ao deseño e á implementación das políticas financiadas con recursos públicos.

TERCEIRO .- Que o Instituto Galego de Promoción Económica ten, entre as súas funcións, a de promover accións de divulgación dos instrumentos e fondos dos que dispoñen para apoio ás actividades económicas e a de impulsar e difundir información, investigacións e estudos que fomenten e impulsen o desenvolvemento económico de Galicia.

CUARTO.- Que a USC é unha entidade que leva a cabo actividades de Investigación, Docencia e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico. Dentro das ditas actividades ocupa un lugar relevante a investigación e documentación en materias que afecten ao eido socio-económico e financeiro de Galicia. A USC realiza a difusión das devanditas investigacións a través da *Revista Galega de Economía*.

Esta revista publica artigos de investigación relacionados con especialidades nos campos da Economía e a Empresa. Estes artigos, polo seu contido, serven de pauta para deseñar medidas e accións precisas para un mellor desenvolvemento socio-económico da Comunidade Autónoma Galega e para deseñar iniciativas científicas en materia financeira aplicables aos recursos públicos e á avaliación do impacto das normas de gobernanza europea e das políticas de cohesión financiadas con fondos europeos. A *Revista Galega de Economía* é unha revista científica electrónica e de acceso aberto con prestixio tanto en Galicia coma no exterior. Conta co Selo de Calidade Fecyt e está incluída en bases de datos internacionais como ESCI, Redalyc, Scopus e noutros selectos índices de publicacións científicas.



QUINTO.- Conforme o establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrència pública, xa que o obxecto do convenio é colaborar nos gastos derivados da actividade editorial (ver Anexo) da *Revista Galega de Economía* da Universidade de Santiago de Compostela, que é a editora da revista. A sinatura deste convenio responde ao interese público derivado de que as actividades obxecto deste convenio achegan unha análise de calidade útil para a planificación económica sectorial pero, tamén, para a difusión á sociedade en xeral de coñecementos e investigacións relacionadas con especialidades nos campos da Economía e da Empresa.

SEXTO.- A Universidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estas entidades acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é outorgar unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver as actividades editoriais (ver Anexo) da *Revista Galega de Economía* correspondentes ao ano 2025. Estas inclúen a publicación de dous números ordinarios e dun número extraordinario como mínimo.

A revista editarase preferentemente en lingua galega, sen prexuízo de que se poidan publicar artigos noutras linguas.

SEGUNDA.- Obrigas da USC

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da USC:



1. Presentar, con carácter previo á sinatura do convenio, unha declaración responsable na que se faga constar que a USC non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, realización da actividade e o seu custo real.
4. Poñer, con antelación suficiente, a disposición da Consellería de Facenda e Administración Pública e do IGAPE os números da Revista correspondentes ao ano 2025 en formato electrónico.
5. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Mencionar a axuda recibida da Xunta de Galicia en libros ou boletíns de difusión dos contidos da revista que poidan publicarse, seguindo as directrices do Manual de Identidade corporativa da Xunta de Galicia.

TERCEIRA.- Obrigas da Consellería de Facenda e Administración Pública e do IGAPE

A Consellería de Facenda e Administración Pública e o IGAPE comprométese a abonar as cantidades comprometidas para a finalidade deste convenio de acordo co previsto na cláusula cuarta.

CUARTA: Financiamento

O importe total das achegas previstas no convenio ascenden a un total de quince mil euros (15.000 €).

O importe que será sufragado do seguinte modo:

- A Consellería de Facenda e Administración Pública comprométese a achegar a cantidade de sete mil cincocentos euros (7.500,00 €) con cargo á partida



orxamentaria 10.01.612A.744.0 correspondente aos orxamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

- O IGAPE comprométese a achegar a cantidade de sete mil cincocentos euros (7.500,00 €) con cargo á partida orxamentaria 09.A1.741A.744.0 correspondente aos seus orxamentos para o ano 2025.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorra a USC para a as actividades editoriais da *Revista Galega de Economía* desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 30 de novembro de 2025.

QUINTA.- Xustificación e pagamento da subvención

Para percibir o importe desta subvención, a USC deberá:

- Acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.
- Acreditar a realización dos números ordinarios e do número extraordinario do ano obxecto do convenio.
- Presentar unha certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control orxamentario que acredite a realización das actuacións previstas neste convenio así coma o investimento da totalidade da subvención na realización das ditas accións e o pagamento efectivo dos ditos investimentos.
- Presentar unha declaración responsable de adscrición de persoal aos traballos de elaboración e publicación da *Revista Galega de Economía*.
- Co fin de acreditar os gastos de inversión en material inventariable que, no seu caso, se imputen á execución do convenio, deberá presentarse unha memoria na que se xustifique a vinculación destes gastos á realización do obxecto do convenio, así como o seu destino exclusivo ás actividades editoriais da *Revista Galega de Economía*.

A documentación xustificativa das actuacións realizadas deberá entregarse na Consellería de Facenda e Administración Pública e no IGAPE antes do 1 de decembro de 2025.

A Consellería de Facenda e Administración Pública e o IGAPE realizarán o pagamento da subvención á USC logo de comprobar a súa xustificación.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, as achegas da Consellería de Facenda e Administración Pública e do IGAPE diminuiranse proporcionalmente.



SEXTA.- Perda do dereito ao cobro e reintegro da subvención

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención no suposto do incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

A USC estará obrigada ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas e dos xuros de demora correspondentes nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A non xustificación do pagamento do IRPF antes da data indicada na cláusula quinta suporá o inicio dun expediente de reintegro pola cantidade percibida por ese concepto e dos correspondentes intereses de demora.

SÉTIMA.- Causas de resolución

Son causas de resolución do convenio :

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

OITAVA.- Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 1 de decembro de 2025 sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025.

A vixencia do convenio non é susceptible de prórroga.

NOVENA.- Exoneración de responsabilidade

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e máis a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle pode esixir ningunha responsabilidade nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMA.- Solución de controversias

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de Seguimento.



A Comisión de Seguimento estará constituída por:

- Un representante da Consellería de Facenda e Administración Pública, nomeado polo seu titular.
- Un representante do IGAPE, nomeado polo seu presidente
- Dous membros da Universidade, nomeados polo reitor.

O presidente da Comisión será un dos representantes da Xunta de Galicia.

Contra as decisións da Comisión de Seguimento non cabe recurso en vía administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade sempre e cando o conxunto das axudas non supere o custo e se evite o dobre financiamento.

A USC queda obrigada a comunicarlle á Consellería de Facenda e Administración Pública e ao IGAPE calquera outra axuda que poida percibir para a mesma finalidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade da colaboración das partes .

En todos os números da revista que se publiquen e en todas as súas actuacións divulgativas farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse cando proceda os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa .

DÉCIMO TERCEIRA.- Rexistro de convenios e publicidade da axuda

A sinatura deste convenio supón o consentimento expreso por parte da USC para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao dito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e cos Decretos 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).



DÉCIMO CUARTA.- Publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento a que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO QUINTA.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e polas demais normas de dereito administrativo aplicable. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO SEXTA.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións.

As partes asinan este convenio por triplicado en proba de conformidade no lugar e data enriba indicados.

Pola Consellería de Facenda
e Administración Pública
Miguel Corgos López-Prado

Polo Instituto Galego de
Promoción Económica (IGAPE)
María Jesús Lorenzana Somoza

Pola Universidade de
de Santiago de Compostela
Antonio López Díaz



ANEXO

Definición das actividades editoriais da *Revista Galega de Economía*

XESTIÓN EDITORIAL:

- 1.- Recepción e avaliación inicial de artigos: Recepción dos artigos enviados polos/as autores/as e avaliación inicial para garantir que cumpran cos requisitos e cos obxectivos da revista.
- 2.- Avaliación de calidade e ética: Asegurar que os artigos cumpran coas normas éticas da revista, como a orixinalidade, a non plaxiarización, e a transparencia na metodoloxía.
- 3.- Revisión por pares: Xestión e organización do proceso de revisión, buscando expertos/as adecuados para avaliar os artigos de forma imparcial e rigorosa.
- 4.- Decisión editorial: A toma de decisións finais sobre a aceptación, revisión ou rexeitamento dos artigos, baseándose nas recomendacións dos/as revisores/as e na relevancia científica.

EDICIÓN:

- 5.- Edición de contidos e corrección de estilo: Revisión e mellora dos textos, enfocándose na claridade, coherencia e a calidade científica.
- 6.- Tradución e corrección lingüística: Tradución aos idiomas da revista e corrección exhaustiva da linguaxe, coidando que se manteña a calidade do texto orixinal.
- 7.- Maquetación e deseño gráfico: Preparación dos artigos para a súa publicación en liña, asegurando que teñan un formato visual adecuado para a lectura dixital.
- 8.- Control de versións: Garantir que todas as modificacións nos artigos sexan seguidas correctamente e que se manteña un rexistro de todas as revisións.

PUBLICACION:

- 9.- Publicación en liña: Subida dos artigos á plataforma dixital da revista, asegurando que se indexen correctamente para garantir a súa visibilidade.

DIFUSIÓN:

- 10.- Publicidade e promoción de artigos: Estratexias para promover os artigos publicados, utilizando diversas plataformas dixitais, redes sociais e medios académicos para aumentar a súa visibilidade e o seu impacto académico.

PROMOCIÓN DA REVISTA:

- 11.- Xestión do sitio web: Mantemento e actualización constante do sitio web da revista, asegurando que estea accesible, funcional e conteña toda a información relevante para os autores, revisores e lectores.



- 12.- Creación de materiais promocionais, como boletíns informativos para difundir por e-mail e redes sociais para informar á comunidade científica sobre novas publicacións e números especiais da revista.
- 13.- Interacción coa comunidade científica: Organización e participación en eventos editoriais como webinars, workshops e symposiums, co fin de fomentar o diálogo científico, intercambiar coñecementos e atraer novos autores e colaboradores.
- 14.- Captación de autores/as de alto nivel: Estratexias para atraer a investigadores/as recoñecidos/as e expertos/as nas súas disciplinas, co fin de mellorar a calidade dos artigos publicados e aumentar a visibilidade da revista.
- 15.- Alianzas con institucións e outras revistas: Establecer colaboracións con universidades, centros de investigación ou outras revistas científicas para fortalecer a rede de difusión e aumentar a relevancia científica da publicación.
- 16.- Desenvolvemento de números temáticos ou especiais: Promover números especiais sobre temas de alto interese ou de actualidade científica, para atraer artigos relevantes e fomentar a participación activa da comunidade investigadora.

